

Comprensión lectora lingua

Páxina 2, 3, 6, 7, 9 e 11

2.

A historia cóntaa o narrador.

É anónimo, é dicir, non se coñece o/a autor/a.

3.

Os personaxes son Polifemo e Ulises.

- Encóntranse na illa de Sicilia. Polifemo e o resto de ciclopes vivían alí. Ulises e a súa tripulación chegaron a Sicilia empurrados polo vento cando ían de Troia a Ítaca. Atopáronse na cova onde vivía Polifemo.
- O protagonista é Ulises e o antagonista é Polifemo.
- Ulises é astuto e valente. Polifemo é bruto e colérico.
- Outros personaxes que aparecen na historia son os homes da tripulación de Ulises e o resto de ciclopes. O seu papel é secundario.

6.

A fermosa illa das **augas de cor zafiro**: as augas eran moi azuis.

Desatouse a ira do xigante: o xigante enfadouse moitísimo.

Os ronquidos do ciclope **xeaban o sangue**: daban moito medo; asustaban moito.

7.

A táctica que seguiu Ulises foi saír escondido debaixo das ovellas.

Fíxoo así porque Polifemo estaba cego, polo que só podía atopar a Ulises e os seus homes apalmando. Ao ir escondidos debaixo das ovellas Polifemo non os podía tocar.

9.

Ulises demostra o seu espírito heroico ao achegarse a Polifemo para darlle a comida e bebida que traían, comezando así a primeira parte do seu plan para escapar do ciclope.

11.

Personaxes principais: Ulises e Polifemo.

Personaxes secundarios: o resto de ciclopes e a tripulación de Ulises.

Lugar: Sicilia. Cova de Polifemo.

Tempo: séculos XIII a XII a.C.